

EDITORIAL

A adolescencia non é máis que un período de tempo no que entre dúas frontes diferenciadas, paseamos zombies, sen rumbo, por terra de ninguén. Ser adolescente non é nada máis sinxelo que ser un barco á deriva, caer ficando sós, o mar, o barco, e mais nós (palabra de poeta) por un mar de dúbidas. Algúns destes navíos, pode que ostentosos, pode que humildes, traíñas as máis das veces por aquilo de atopar un grupo de xente que axude na ardua tarefa de remar. Abrumados, asustados por esa inmensa nada na que navegan, reaccionan á mínima noticia chegada dalgúns deses portos que os envolven, reaccionan (sapere aude) intentando explicar qué os aborda, por qué o fai, e cómo deben reaccionar ante ese estímulo. Pasa sobre todo cando esas dúbidas se nos presentan como unha enorme masa de xeo que nos impide avanzar cara á nosa meta, o noso samsara, o chegar a ser, tan de veras, unha persoa. Pero de cando en vez, os nosos adolescentes ollos navegantes escintilan e mergullámonos neste noso mar feito de averno intentando alcanzar no fondo a luz, o comezo desa eternidade en xeo, facémolo pensando, escoitando, nacendo fronte ao noso iceberg.

Adrián Vázquez Barbón.
Alexandre Puga



CONSELLO DE REDACCIÓN

Curiosidades

O vintecinco de Decembro foi a data elixida para fixar o nacemento de Xesús no concilio de Nicea no 325 d.c, a causa de que coincidía co día do "Natalis Solis Invictus", íntimamente ligado coa chegada do solsticio de inverno e que contaba cunha grande aceptación popular, xa que, segundo as crónicas romanas e xudías da época e a data do pasamento de Herodes no 4a.c así como no paso dun cometa estímase que Xesús naceu aproximadamente no ano 7 a.c

O término inglés "gay" significa literalmente alegre ,festeiro, etc.inda que o máis corrente é homosexual, isto é debido a unha adaptación ao inglés da expresión francesa "Gai Paris" ,"pais alegre" que quedaría como "Gay Paree" e que fai referencia ó Paris "alegre" dos anos vinte.

A finais do século XIX a palabra "gay" empregábase para describir as cortesanas de "Gay life", "vida alegre"

A "Bastilla", non era realmente o penal infecto e sobresaturado de ladróns e criminais, senón que era máis ben un "cárcere -residencia" para membros da aristocracia que vivían nel con todas as comodidades. O 14 de 1789, cando foi tomada, só contaba con 14 internos.

As famosas persecucións aos cristiáns durante o Imperio romano non foron tantas nin tan violentas como se pensa, realmente só foron dúas, a de Nerón no 65d.C e a de Diocleciano no 303-305 d.C

O símbolo dos médicos, unha vara coroada por dúas alas con dúas serpes entrelazadas, chamado caduceo, era o símbolo de Hermes, mensaxeiro dos deuses aínda que non teña nada que ver coa súa verdadeira referencia, o símbolo de Asclepio, o Deus grego da medicina, que levaba unha vara similar aínda que cunha sóa serpe

A práctica de colocar dous leóns nas portas dos palacios e das tumbas como gardiáns contra todo mal provén de Exipto; xa que se cría que a deusa do sol pasaba por un corredor escuro dentro da terra que ocultaba a súa luz e causaba, deste modo, a escuridade da noite. A súa saída deste túnel era sinal da chegada do día, pero este feito requería a presenza de dous leóns gardiáns "Sef" e "Dua" (onte e mañá).

A figura do demo personificada nun macho cabrío ten a súa orixe en Grecia xa que Pan, fillo de Hermes e da ninfa Oríope era o deus dos rabaños e dos pastores, á vez que un símbolo de fertilidade e de natureza.

Era metade home metade macho cabrío, tiña barba, cornos e levaba unha coroa de agullas de piñeiro e pasaba todo o día xogando nos bosques e tocando o "caramillo" (chamada frauta de Pan). Estaba dotado dunha grande potencia sexual e cando esta espertaba atacaba a mozos de calquera sexo berrando a pleno pulmón. Cando regresaban ás súas casas, as vítimas afirmaban ter pasado o "terror pánico"; por esta causa tamén chamamos "cabrón" a calquera que nos sobresaleta ou nos molesta.

Abraham Lincoln non se opuxo á escravitude por motivos humanitarios senón por motivos puramente económicos, xa que os escravos non cobraban cartos polo mero feito de selo así que liberándoos conseguiríanse homes ceibes que traballaran barato a cambio dunha paga que, de todas formas, remataría nos petos dos capitalistas

A Esvástica non a inventaron os nazis, senón que a adoptaron "prostituíndoa" como símbolo das súas ideas. A palabra esvástica provén do sánscrito "*Swastica*" un saúdo moi común en Oriente que quere dicir "que teñas sorte e saúde". No século XIX tras o descubrimento das ruínas de Troya, atopáronse esvásticas en pezas de cerámica que lembraron ao seu descubridor outras atopadas no río Oder, en Alemaña. Este feito fixo que se relacionara este símbolo coas tribos xermánicas coma se procedesen dos troianos, polo que a principios do século XX adoptouse como bandeira do partido nacionalsocialista alemán séndoo anos despois a de todo o país.

Como curiosidade, dicir que ao contrario do que se propuxera inicialmente, Hitler logrou impoñer a esvástica sinistrógira (inclinada cara a á esquerda) que significa decadencia; no canto da dextrógira (inclinada cara á dereita) que é un talismán de boa fortuna.

A palabra inglesa "FUCK" son as iniciais de "FORNICATION UNTIL CONSENT OF THE KING" que en tempos de Enrique VIII era algo así como un permiso para que os aldeáns puidesen procrear.

A frase "Paris ben vale unha misa" pronunciouna Enrique de Navarra, futuro Enrique IV de Francia, e coñecido protestante; que atopándose ás portas da cidade e despois de múltiples conflitos sucesorios decidiu "cambiar de bando" para ocupar un trono que tiña que pertencer necesariamente a un católico.

O acto de tocar madeira é un costume que provén dos antigos persas: Estes pensaban que nas vetas da madeira residía o xenio do fogo e da vitalidade ao que se invocaba para procurar protección e fidelidade.

A expresión "irse de picos pardos" que denota desinhibición e ledicia provén do antigo costume romano de facer vestir ás prostitutas vestidos con picos e de cor pardo para distinguilas das mulleres consideradas decentes

Algunhas coincidencias entre Lincoln e Kennedy: Os dous foron elixidos presidentes cun século de diferenza (1860-1960); as súas mulleres perderon un fillo mentres ocupaban a Casa Branca; ámbolos dous foron asasinados un venres dun disparo na cabeza; o asasino de Lincoln disparou a súa arma nun teatro e foi refuxiarse nun almacén e o de Kennedy viceversa; Lincoln tiña un secretario chamado Kennedy que lle aconsellou non ir ao teatro onde sería asasinado e Kennedy tiña un secretario chamado Lincoln que fixo o mesmo coa súa viaxe a Dallas; Kennedy foi asasinado nun "Ford Lincoln",etc.. así trinta similitudes que rozan o macabro.

Daniel Revuelta
1º bach B

A NOSA CULTURA

Dende os tempos moi antigos, Galicia, tivo moitas tradicións. Moitas destas perdéronse, pero outras aínda viven. Paréceme bonito saber como se facían as cousas, como vivían os nosos pais de pequenos. Todo isto estase perdendo, e creo que de vez en cando non viña mal facer unha viaxe no tempo ao pasado. Nalgunhas vilas moi pequenas aínda se segue facendo a matanza do porco, e nalgunhas cidades e vilas máis grandes están intentando recuperar cousas do pasado, como por exemplo, os ferreiros, os cesteiros, os canteiros ... Actualmente estes traballos fanse doutra maneira, con máquinas, todo o contrario de como se facían antes, a man. Para que vos animedes a ver estas actividades, vouvos falar un pouco delas:

Os cesteiros traballaban principalmente coa palla, o vimbio, e a madeira. Ademais de facer cestos comúns, tamén facían algún que outro aparello de pesca. Para que a xente non lle escoitase os seus segredos, dicían as palabras cunha sílaba menos.

Os canteiros galegos, traballaban principalmente con granito. Tiñan distintos instrumentos, como a maceta, o punteiro...

Os ferreiros facían todo tipo de instrumentos de metal, os cereiros facían as figuras de cera, os guarnecedores traballaban o coiro...

Todo isto e máis pódese ver en cetros de artesanía tradicional como o CAT, que os hai en moitas cidades. Non vos vou contar máis porque é mellor que o vexades vós mesmos, xa que esas son as vosas raíces.

Pablo Fdez Cendón, 1º ESO B.



Adeus Shin Chan!

Shin Chan foi unha das serie cómicas de maior calidade que nos últimos anos pasou pola TVG, pero tras dunhas insistentes protestas por parte de asociacións de pais e dalgúns grupos políticos foi retirada de antena dun xeito que non se merecía. Vale que todo ten un fin, e que se durase un pouco máis poderíalle ter pasado coma a Son Goku que nas últimas tempadas chegou incluso a aburrir, pero Shin Chan estaba camiño de converterse nos "Simpsons" da TVG. Estou de acordo en que a serie era bastante irreverente, irónica e máis ben para adultos, pero era un humor "ácidamente inocente".



Tamén hai que ter en conta que era un gran vehículo de difusión do galego, tanto de vocabulario coma de expresións, etc.. A rapazada seguía a este pequeno pícaro xaponés inda que os episodios os tiveran botado dúas ou tres veces. O que quero ou tento dicir é que se retiraron Shin Chan por groseiro tamén terían que retirar "Gran Hermano" e programas semellantes.

É certo que agora a serie está a poñela Antena 3 pero en castelán non ten nin a metade de graza, unha pena, en fin, adeus Shin Chan!

MULLERES DO SÉCULO XXI?


Despois de trinta anos da primeira conferencia sobre a muller, celebrada en México, o balance demostra que o máis difícil aínda está por lograrse.

Os problemas da muller tómanse actualmente máis en serio no marco internacional.

Se ben nestas últimas décadas logramos un avance importante, en canto á situación protagonista da muller nos ámbitos sociais e políticos dos países desenvolvidos, aínda existen desigualdades e inxustizas moi arraigadas que soporta o xénero feminino no mundo:

- Así a muller, que constitúe o 43% da forza laboral, gaña en promedio un 25% menos que o home, realizando os mesmos traballos.
- A muller campesiña produce un 50% dos alimentos do mundo (en África, o 80%).
- As mulleres do terceiro mundo padecen nun 50% anemia alimenticia.
- É superior o virus da SIDA nas mulleres que nos homes.
- Outro problema da actualidade é a violencia de xénero que aumenta perigosamente a mortalidade da muller, e as que non son vítimas mortais destes sucesos, soportan agresións físicas e/ou psicolóxicas. Estes atropelos suceden case a diario tanto nas pequenas aldeas e fogares de baixos recursos como nas grandes cidades onde os seus protagonistas son xeralmente profesionais ou xente de educación media sen graves problemas económicos.

Eu como adolescente espero un futuro onde os dous xéneros teñan acceso á mesma educación, ás mesmas oportunidades de traballo, aos mesmos dereitos... En fin vivir nun mundo do século XXI.



Priscila Tamara Retamozo, 1º ESO B.

LIBERDADE

Todos os adolescentes cren que a vida hai que vivila, pero os maiores impídenos que gocemos desa liberdade, porque queren protexernos. Eu persoalmente, creo que está ben que nos queiran protexer, pero tampouco poden deixar que nos desmadremos.

Actualmente o 90% dos adolescentes saen os sábados pola noite a discotecas, ou cos amigos, mentres que o outro 10% quédase na casa porque os seus pais non os deixan saír, cren que son demasiado pequenos como para divertirse neses ambientes, e aí inclúome a min.

Creo que debemos gozar dunha liberdade, que para a nosa idade é fundamental, necesitamos sentirnos libres algunha vez.

Con isto espero que entendades que está ben querer saír pero sempre cun punto de control sobre ti e sobre os teus actos, porque se non o divertido pódese converter nunha desgraza, así que CÓIDATE!

Lorena Lis Baamil, 1º ESO B

CHATEAR

Algo que a moita xente da miña idade lle gusta é chatear, cousa que en inglés significa falar. E iso é o que facemos, falar cos nosos amigos mediante o ordenador e as palabras.

A min paréceme que é un sistema de comunicación como calquera outro porque te podes comunicar con persoas aínda que vivan lonxe de ti.

E hai pais que están en contra porque din que cando empezas a chatear non paras, non é verdade, o certo é que eles non che deixan saír cos amigos e ti tes que conformarte con chatear.

A min gústame chatear, e a ti?

Marta Comesaña Alonso, 1º ESO B.

A LECTURA

Eu considero moi boa a lectura, apréndese gramática, de modo que se les, cometes menos faltas. Descubres novos conceptos e historias que ningún outro medio pode aportar. Amplíase o vocabulario, evitando as repeticións excesivas de palabras e abréche a posibilidade de matizar mellor as descricións. Xa fóra dos beneficios de linguaxe que aportan os libros, estes transportante a lugares e situacións sorprendentes sen pór un pé fóra da casa. Axúdanche a cruzar o mundo con Xulio Verne, a infiltrarte nos segredos máis tenebrosos da igrexa con Danw Bronw, buscar o tesouro perdido con Stevenson ou acompañar a Don Quixote pola Mancha.

Non creo que a alguén non lle guste ler. O importante é ter iniciativa e saber definirte por un estilo, ben sexa de aventuras, terror, intriga.. e entre as numerosas posibilidades, unha de seguro, vaite entreter. Pouco a pouco quererás probar máis, tendo ata tres libros por acabar na mesiña de noite, de Edgar Alan Poe, JRR Tolkien e JR Rowling. Será nese intre cando comprendas que unha novela é máis que un conxunto de capítulos formados por sucesións de aborrecidas palabras, é un novo universo sen ningún defecto e preparado só para os astronautas valentes. Un novo mundo sen maltratos nin guerras.

Juan Carballo Tubío

AVES DO DÍA

No amencer da mañá
canta o galo
cacaracá.

Pola tarde o reiseñor
deleita á xente
co seu canto e cor.

Entre lusco e fusco
vai a lúa
tras do cuco.

Pero ó moucho na noite,
non hai
quen o escoite.

Pablo Fdez Cedón, 1º ESO B.

O MONICREQUE DE ANXO

Premio letras galegas 2005

Como tódalas mañás, Anxo garabateaba no seu caderno mentres a profesora de Matemáticas explicaba a lección tan aburrida. Anxo non debuxaba nada en concreto, só facía liñas e logo as unía, pero aquela vez, o debuxo que fixera non lle quedara nada mal. Estaba tan ben feito que Anxo, abraiado, decidiu gardalo e, xusto cando abría a sua mochila...

- ¿Verdade Anxo?
- ¿SÍ? - respondeu
- ¿Sempre tes que estar nas nubes? - preguntoulle a mestra.
- Non.
- Pois entón, dime o resultado da operación do encerado.-

Non o sei - dixo Anxo nervioso.

- O mellor a túa nai o sabe ¿non sí? ¿Chámoa a ver que di? ¡Que sexa a última vez, papamoscas!

Anxo baixou a mirada cara o seu caderno, e quedou unha boa miga coa vista cravada na cuadrícula da sua folla. Cando a mestra continuou a clase, Anxo decidiu seguir debuxando no seu monicreque. Pero naquela folla non estaba. Buscou no caderno de Sociais... Nada. Seguiu buscando nos outros cadernos, no de Tecnoloxía e no de Naturais tampouco. Só lle quedaba por mirar no de Gallego, comenzo a pasar as follas ata chegar á última páxina. Alí estaba, tan bonito como a última vez que o vira. Sen embargo, Anxo estaba inquieto.... ¿Cómo chegara o seu debuxo alí?

- ¡Riiiiing.....!

O timbre sinalaba que rematara a clase de matemáticas e ía comenzo a de Tecnoloxía. Ésta era a clase que máis odiaba Anxo, por dúas razóns: a primeira porque a mestra tíñalle manía e a segunda porque se lle daba fatal a Tecnoloxía.

Nada máis entrar dixo a profesora:

- O número vinteún.
- Eu - respondeu Anxo cun suspiro.
- Sae ó encerado e debúxame o esforzo de tracción - ordeou a mestra.
- É que non puiden estudar, onte pola tarde fun ó médico- mentiu Anxo.
- Pois entón, no primeiro recreo, quedaste na Biblioteca a repasar os tipos de esforzo.
- Dacordo.
- E agora, polo menos, corrixe os exercicios que traíamos para hoxe - ordeou a profesora.
- É que ...
- É que nada. ¡Tráeme o caderno agora mesmo!

Anxo estaba acabado, inon fixera os deberes! e, coa manía que lle tiña a mestra, xa se podía ver no despacho do director. Levantouse, colleu o caderno e dirixiuse cara á profesora, entregoullo e púxose a rezar para que non o castigara. A mestra abriu o caderno e...ialí estaban os deberes! Anxo aínda estaba alucinando cando a profesora lle preguntou:

- ¿É qué ...?
- É que ..., non entendía moi ben o exercicio catro.
- Senta que agora cho explico.
- Está ben - dixo Anxo.

Recolleu o caderno e foi cara o seu pupitre, pousouno na mesa e púxose a pensar, pois estaba certo de que non fixera os deberes, pero, ¿cómo é que estaban no caderno? Sen embargo aquela dúbida foille resolta rápidamente. Aquel monicreque tan bonito que fixera na clase de matemáticas iestábase movendo dentro do caderno de Tecnoloxía! O moneco correxíalle os fallos e empezaba a facerlle os deberes que tiñá atrasados. Anxo quedou abraiado, quería decir algo pero non sabía o qué.

- ¡Riiiiing....!

Outra vez o timbre, Anxo colleu a merenda e o libro de tecnoloxía e foi a biblioteca. Sentouse nun pupitre e púxose a estudar. Xa levaba alí cinco minutos, pero a profesora de Tecnoloxía non aparecía, sen embargo Anxo seguiu estudiando ata que rematou o recreo. Entón recolleu as súas cousas e volveu a súa clase. Cando entrou xa estaban sentados tódolos seus compañeiros e mais o profesor.

- ¿Que horas son éstas de chegar? - preguntou o mestre.

- É que fun estudar á Biblioteca - respondeu Anxo.

- Senta e que non volva suceder. Abride o libro na páxina cento vintedous e facede os exercicios: un, dous, tres e catro.

- Noooooon.... - dixeron os alumnos ó unísono.

- Nin non, nin gaitas. E non vos queixedes que vos mando a páxina enteira.

Anxo abriu a libreta de Lingua e alí estaba, de novo, o monicreque, facéndolle os deberes. Entón pensou que xa que aquel boneco lle axudaba, él debíalle debuxar unha paisaxe para que pudiera estar cómodo a lo menos mentres non o levaba a súa casa. Colleu as pinturas e o portaminas e púxose a debuxar unha piscina, cunha montaña de fondo e unha casa con tódolos luxos que se podían ter. Cando rematou, a clase de Lingua támen acabara, e a continuación tocaba Educación Física. Anxo gardou todo o material na súa mochila e marchou cara o ximnasio. Alí o profesor díxolles que a clase dese día iba ser fóra, pois ían xogar ó badminton: o deporte favorito de Anxo. Axiña colleu unha raqueta e unha pluma e púxose a xogar cun compañeiro. Pero algo non andaba ben. Anxo non se divertía xogando. Estaba devecendo por chegar de novo a clase para estar co seu moneco. Aínda así, a hora de Ximnasia pasóuselle voando, e xa era a hora do recreo. Anxo foi correndo cara a súa aula para ver si o monicreque aínda seguía alí. Así era, alí estaba. Xa máis tranquilo volveu deixar o caderno na mochila e baixou ó patio

para xogar cos seus amigos á "pita" o pouco tempo que quedaba de recreo. Cando soou o timbre de novo para volver á clase, Anxo preparou todo o material para la clase de Plástica. Cando chegou a profesora, Anxo xa estaba embobado mirando o seu boneco no caderno de Plástica.

- Abride o caderno e sacade o portaminas.- ordeou a mestra- Ides debuxar, nun lago, calquer tipo de barco.

O malo era que Anxo non tiña idea de cómo facer aquel debuxo. Baixou a mirada cara o caderno viu que o moneco xa estaba rematando de debuxarlle o barco. Era un fermoso navío vikingo, cun mástil moi longo, que suxeitaba unha gran vela. O ceo estaba estrelado e o mar, moi tranquilo. Entón Anxo, asombrado polo ven feito que estaba, foillo ensinar á profesora.

- Anxo, ¿este debuxo fixéchelo ti ou axudouche algún compañeiro?
- preguntoulle a mestra.
- Fíxeno eu.
- Pois... é un debuxo moi bonito.
- Non sei... Saíronme un pouco mal as ondas do mar- mentiu Anxo.
- Para min está perfecto. Non sei se pensar que vas a clases particulares o se alguén na túa casa estache ensinando a debuxar - confesou a profesora.
- E... ¿cal é a miña nota?
- Pois ... un nove.

Anxo estivo a piques de pegar un brinco e empezar a rir, pero colleu o seu caderno da mesa da profesora e dirixiuse de novo o seu pupitre. Sentouse e empezou a chulearse cos seus amigos pola nota. Cando acabou de presumir mirou cara o monicreque, que estaba na cuberta do barco vikingo, e lle escribiu ó seu carón: "gracias".

Soou o timbre e gardou o caderno de Plástica na carteira. Logo sacou o material da súa clase favorita: Inglés. Todos estaban esperando ó mestre, cando o Xefe de Estudios entrou dicindo:

- O mestre de Inglés non puido vir hoxe ó Instituto, e como estamos na última hora podedes ir ás vosas casas.

- ¡Beeeee! - berraron todos á vez.

Anxo estaba desexando chegar a súa casa. Tiña moitas ganas de volver a ver o monicreque.

Cando chegou descalzouse e entrou correndo no seu cuarto. Pousou a mochila no chan, abriuna e púxose a buscar o moneco en tódolos cadernos. Atopouno no de Inglés. Alí estaba, aburrido. Entón, puxo o caderno ó carón do seu querido póster de Godzilla para que o moneco entrara nel. Despois de moito tempo, por fin decidiuse e entrou, pero, nada máis ver a aquel grandísimo dinosaurio, o monicreque escondeuse tras unha rocha. Sen embargo, Godzilla xa o vira e colleuno, empezando a golpealo contra o chan. O moneco, aínda que mancado, golpeou ó dinosaurio facendo que o soltase. Nada máis caer ó solo, levantouse e fuxiu cara un cadro que se atopaba no pasillo da casa. Era un óleo moi bonito; nel había unha casa rodeada de árbores moi altas e cun xardín moi ben coidado.

Mentras tanto, Anxo buscaba o seu monicreque, mirando en tódolos cadros da casa. Non o daba atopado. De súpeto, detívose fronte ó óleo. Alí, ó lonxe, ó final do xardín, puido ver a pequena silueta do seu boneco, que se alonxaba ata facerse minúsculo.

Dende aquel día o óleo da casa colga da parede do seu cuarto, no sitio que antes ocupaba Godzilla. E Anxo, tódolas mañás, ponse en frente do cadro e busca entre a espesura do bosque na procura do seu monicreque. E pregúntase ónde estará.

¿Onde estará o monicreque de Anxo?

David Hermida Lovelle

MULLER DE LOT

Do relente, do aire tan fatal,
es ti o sal da area do meu vento.
es o verbo no espello desigual
refrexo do meu ávido tormento.

Muller de Lot, tan de veras es. Sal
a saudar polas rúas o lamento
das verbas do poeta do arraial,
que ten por alma o sal e mailo asentado.

Muller de Lot semellas, feita sal
seméntasme de negro aloe o peito.
Muller de Lot, por bórax feita cal,
abre a porta do mar, meu cadaleito.

RECORDOS DE ANCIA

(Á memoria de Blas de Otero)

Es a paz do labrego, a súa camisa,
a verba do fouciño enaxenado;
es un home por Deus sempre ceibado,
un cúmulo de palabras precisas.

Es a sega do mar en primavera
descendente de Odín, eterno vate,
co pómulo disposto e ollar de sangue,
**reventache o padal mais en euskera.

Os sonetos, os versos moradores
no Olimpo dos poetas, son de xeo,
de branca pomba, de azuis surtidores.

Cultivaches semente e paz arreo
nas ánimas dos xoves loitadores,
Rei do Rei de deuses, Deus dos ateos.

NO PORTO DOS TEUS BEIZOS

"Habría vivido anclado al puerto de tu cuerpo"
(Sergio Fernández)

"Amo el amor de los marineros que besan y se van"
(Pablo Neruda)

Amaba o amor dos mariñeiros:
"Mariñeiros de amor por min amado
ancorade nos soños navegados,
remade ata o calor do ollar primeiro!"

Gaivotas do desterro a babor voan
ambiguas, rebatendo o mar ás horas
fatais de albatros queimando sol e olas
infundas, frautas de deuses que soan.

Guiarei os guindastres baixo un ceo
unxido en areais e ser seco,
estoupando as cadeas dun gris reo.

Recordos do teu lar cando amanece,
oréade vestida de azul pano,
anhelando os teus beizos que me esquecen.

Adrián Vázquez Barbón, gañador do 1º Premio de Poesía 2005

GAÑADORA CERTAME CARTAS DE AMOR

27~Xuño~2003

Rei do meu corazón:

O amencer.

As raiolas do sol que se coaban polos buracos da persiá.

Un suspiro.

Un sorriso.

Un bico.

Unha Flor.

Fermoso nacemento das primeiras veces.

¿Que é o que sentía aquí? Semellaban formiguiñas xogando no meu estómago, ¡non! asaliasas avelaiñas... ou mais ben esponxosas prumas de anxo facéndome cóxegas sen deixarme desdebuxar este inxenuo sorriso.

¿Era aquilo amor? ¿Era aquilo amar? Dun día a outro, adicta a ti: o teu corpo, a miña xeringa; o teu amor, a miña droga.

¿E cando os teus beizos acariciaban ós meus? Docísimo sabor a chocolate, acougantes arrepíos... se puidese parar o tempo no primeiro deses intres...

¿Unha mostra? Eu por ti lle houbese arrincado o sol ó ceo, houbéselles roubado a lúa ás estrelas; o meu corazón, teu; a miña vida, túa; eu era ti, ti eras eu, os dous eramos un só.

Agora decátome de que aquilo era amor.

-¿Por que choras, meu neno? Cántame, non serei quen de arranxar o teu mundo, pero podoo chorar contigo.

- ...

- ¿Queres escapar lonxe de aquí? ¿Esquencer todo o que che fere? ¡Pídemo e deixarei a miña vida para comezar de cero outra ó teu carón!

¿Que pasou con todas aquelas promesas? Eu era cativa aínda, pero grande de abondo para saber qué sentía. Estiven confusa, fixen tambalear o mundo que estabamos a construír, pero aprendín a non caer, a manterme en pé, ¿Que che pasou a ti?

¿Quen és agora? Non te coñezo xa. Boto de menos cando bicabas cos teus dedos a miña cara, cando cunha mirada dicíamos todo, cando fabricabas cos teus brazos un refuxo para a miña inocencia, boto de menos cando facías do prohibido o máis puro dos agasallos do amor, boto de menos o que eramos, o que eras.

Pero isto non é unha carta de amor.

Escríboche para dicir que non podoo dar máis oportunidades, no meu corazón xa non caben máis intentos. Escriboche para despedirme.

Unha noite de verán.


O escachar das ondas do mar nas esculpidas rochas.

Un suspiro.

Unha bágoa.

Un aloumiño.

Un adeus.



GAÑADORA DO CERTAME DE CARTAS DE AMOR 1º CICLO

Ríos que van ao mar, sentimentos que navegan, o amor que eu coñecín, camiña pola vereda. Sentimentos moi amargos, por non ser correspondidos. Entreguei o meu corazón a quen non soubo aceptalo, un arma de dobre fío que me está facendo dano.

Nos teus ollos encontrei un claro de primavera, pero moi pronto me decatei que foi unha ilusión pasaxeira. Teu corazón é como xeo, non caben os sentimentos no cárcere na que ti vives. Non quixera eu encontrarme, que tristura a túa vida, que só te atoparás, entón comprenderás a grandeza dun amor que non tivo acollida, nese amargo corazón

Laura Iglesias Seoane 2º ESO A

GAÑADORA DO 2º PREMIO DE POESÍA MINERVA

GABRIELA ABELENDIA

.....Cartas suspensivas.....

Para ti... porque aínda non entendo por que
fas que escriba...dende a infinidade do noso barquiño
e do universo!

E por suposto para Manoel Antonio, poeta da miña ¿madurez?;
Silvio Rodríguez, quen dun modo ou outro é a miña canción de *cuna*
E Vicente Aleixandre poeta do amor que supoño que é o obxecto de todo isto!

CARTA DENDE MIN MESMA: **enumeración de soños azuis.**

DÍA: dúbida

ANO: transcendencia kantiana ¿máis alá das interrogacións?

“... alguém que chora dentro de min

por que outro eu

que se vai no veleiro

pra sempre

coma un morto

co peso eterno de tódolos adeuses”

Caixón de sastre esquematizado

Fai falla saber se será, é ou foi?

Fai falla aínda que a noite sexa escura?.....¡NON!

E ti dende a miña ironía es

... as palabras

C

A

E

N

Dende o caos... dende o cadrante irreversible da escuridade, ti quedas... quedo... quedo... quedo

Sopro de aire quente.

Arrecendo de cores inimaxinabeis.

Ti e mais eu formamos un ángulo de noventa graos... perfección numérica...

Máis aló

1. dos beizos xeados da profunda respiración...
2. do mencer encontrado...
3. fronte á noite... por fin no seu único e triste sepulcro...

.....(seguirei contando?) por hoxe... creo que xa basta

E esta vez son eu a que C

A

E

(En ti)

Posesión egocéntrica do mar... despedida

E volvo contar (pero esta vez sen números)... porque así mo pediu EL,
o que nunca se cansa de descansar onda min... vén dunha **cova** no medio do MEU mar.

... INMESIDADE reflectida inversamente nas miñas mans,
rodéame como a cova á que sei que debo ir,
e as derivacións pseudofilosóficas de días de domingo... fan o seu efecto,
como unha droga de diseño atravesan os poros da pel...

Esa que nos separa da aleación metálica...

(xa sabes que sempre fun sarcástica)

Ademais da pel supoño que están os MEUS soños...ocupando os intersticios dun titanio
imposíbel,

deixando que a superrealidade utópica faga de barco navegante do seu propio espazo,
deixando dunha vez por todas a unha nena cunha canción para durmir de fondo...

comodidade... impasibilidade... facilidade.

Cando quero dicir algo, desnúdome da razón...

e só quero escapar; non sabes aínda a onde?

Peso indescriptíbel do propio adeus,

as oracións volven perder cobertura (= alcance, amplitude).

Pero ti entendes que o mar son os MEUS soños

EL..... unicornio

azul.???

CARTA DENDE A COVA DO UNICORNIO: náufraga.

MES: sempre

ANO: nunca

*“El Unicornio azul ayer se me perdió,
pastando lo dejó y desapareció”*

Paraxe solitaria..... noite e herba dun mes calquera de outubro

Escríboche a ti, para dicirche que eras aquela canción de *cuna*.....

..... máis alá das **covas** do meu corpo.

Escriboche dende o silencio das ondas para dicirche que eras ti o deus Neptuno.....

..... beberaxe salgado de ondas infinitas.

Escríboche dende a reciprocidade das estrelas (aquelas que refulxían entre a neve)

Pero ti es ASÍ... para min dentro de ollos buñuelianos, un pesadelo acougante, soños, vertebrados aos mares perdidos da infancia.

.....(tose).....

(palpebramento)

.....(respiración)

As flores amañecen xoaniñas e a cova tórnase convexa.....

.....e escríboche de novo, esta vez acompañada.

O Unicornio visítame de vez en cando, ¿sabes? Dixéches que o faría e faino... e penso en ti...

deste xeito tan abraiamente imposible... debuxas cadros sen pincel...sen lenzo e apareces no seu corno...como saiba deshidratada.

E agora escríboche de novo.... Chegou unha princesa. Veu o outro día, montada no Unicornio, susurroume ao ouvido... como adoitabas facer sen medo dende o mar das miñas singraduras nocturnas. Desfiou o meu berro... pero non morreu a saudade.

Olvida a carta do outro día, non sei se a recibiches... o mar enganoume... outra vez, pero a princesa parece dicir a verdade.

Ás veces penso que estou lonxe...moi lonxe, montada no Unicornio por terte un segundo (a princesa así o di).

Ás veces tamén me sinto nesta eterna cova para sempre... a cova do Unicornio da que no poido saír para estar contigo... meu Deus Neptuno.

Nunhas e noutras ocasións escríboche para saber qué foi daquela canción de *cuna*, daquel pesadelo anestesiante.

.....Supoño que xa entendín o que é saudade... e agora podo volver.

CARTA DENDE O ANTÓNIMO DO MUNDO DE ALICIA: **ecuación de segundo grao
positiva... parábola.**

MES: por sempre xamais ANO: seino... quero...

*“No te acerques, porque tu beso se prolonga como el
choque imposible de las estrellas,
como el espacio que súbitamente se incendia,
como el éter propagador donde la destrucción de los mundos
es un único corazón que totalmente se abrasa”*

Dende o retorno máis violento..... doce sabor de sede extinta

Todo é incendio da morte dos meus beizos ¿ou dos teus?... pero o choque é inevitábel...

porque é noso.

Veño dun frío azul que, indeleble, atravesaba cada poro queixumento

.....de ti.....

.....¡por fin!

Seino agora... que o teu rostro é cegamento do olvido....como unha metáfora antoniana...
filmase dende o cinetismo do meu amor,.....

BERRO “¿Podo ser eu por fin a princesa da cova para no volver xamais a ela!”

pero non fai falla..... ti e mais eu sabemos a resposta.

Final... tempus fugit..... ubi sunt rosaliano?

Escríboche por fin... esperta... sen Unicornio nin princesa de por medio.

Só dende ti sei escribir... e iso debería bastar.

Supónse isto unha declaración de amor... non o sei... só sei que sexa o que sexa...

é unha retroextinción... un renacemento dos soños (¿a onde irán eles? ¿a onde iremos nós?)

.....as palabras parecen lume ferido.....entérranse nas miñas mans, no meu
corpodentro do meu pequeno mundo todo é así..... un mar, unha cova, unicornios,
princesas, fogueiras.....




.....pero espero que iso esta vez non importe..... porque alí, tan lonxe de ti que me precipitei
no baleiro...

gústame falar núa...dende un mortuario papel.....dende a virxinidade do seno da simplicidade

.....só me gusta ser eu

.....para que esta vez.....os soños sexan nosos.

FDO: Chuvia de abril



COUSAS DE SACAU



PATIENS FRIGORIS: "RESISTENTE AL FRÍO"

VICTOR, ORIENTADOR



LENA DE VÍCTOR: "ORIENTATE A TI MISMO!"

O RECUNCHO DAS MATEMÁTICAS

Como todos os anos, as matemáticas seguen a darnos alegrías. Aquí tedes a lista do que se leva acadado de momento neste curso:

OLIMPIÁDA MATEMÁTICA

Clasificados para a fase final:

César Barreiro Caeiro	2º ESO D
Diego Felipe Lopes Navarro	2º ESO D
Teresa Tellado Álvarez	2º ESO B

2ª SEMANA MATEMÁTICA CAIXANOVA

Clasificados para a fase final:

CATEGORÍA B

GAÑADORES

Guillermo Rial	1º ESO D
Patricia Suárez	1º ESO D
Lorena Domínguez	1º ESO D
Víctor Rodríguez	1º ESO D

CATEGORÍA C

CUARTOS CLASIFICADOS

Diego Pérez	3º ESO A
Juan J. Chaves	3º ESO A
Soledad Cameselle	3º ESO A
Martín Barcia	3º ESO B

ALGÚNS XA VAN MARCHANDO



2º Bacharelato A



2º Bacharelato B



2º Bacharelato C




2º Bacharelato D

PERLAS DE BACHARELATO

Como case todos os anos deixámosvos aquí unha selección do "mellor" dos alumnos. Neste caso non son dos nosos.

- Os exipcios transformaban aos mortos en momias para que seguisen vivos.
- Os emperadores romanos organizaban combates de radiadores.
- A mortalidade infantil era moi elevada, agás nos anciáns.
- Os nenos nacían a miúdo a idade temprana.
- China é o país máis poboado, con mil millóns de habitantes por metro cadrado.
- Para conservar mellor o xeo hai que conxelalo.
- Un kg. de mercurio pesa practicamente unha tonelada.
- Antiguamente os chinos non tiñan ordenadores e contaban coas súas bolas.
- As fábulas de La Fontaine son tan antigas que se ignora o nome do autor.
- O can, cando move o rabo, expresa os seus sentimentos, como fai o home.
- Os coellos tenden a reproducirse á velocidade do son.
- Gracias á estrutura do seu ollo, un águia pode ler o xornal a 1.400 metros de distancia.
- O cerebro das mulleres chámase cerebelo.



Unha nova biblioteca para un vello centro

Hai apenas un ano a nosa biblioteca era un lugar moi distinto. Un lugar onde só se ía facer a correr os deberes da clase seguinte e a asinar nas mesas co fin de que o teu nome ficase para a posteridade. Os libros estaban pechados e ningún alumno os podía albiscar porque xa había un profesor, encargado da biblioteca, que chos pasaba por embaixo da ventaniña como se dun banco se tratase. Un sitio no que o contacto cos libros era só obrigatorio, e para crear problemas aos alérxicos ao pó, e nós sabemos diso por experiencia propia xa que axudamos a quitalos. A biblioteca era un lugar sen case ningunha actividade.

Agora todo cambiou. A biblioteca é un lugar diferente aínda que hai xente que di que só é máis bonita, mera decoración.

Pero algo cambiou. Os libros están ao noso alcance, podemos tocalos, miralos, follealos para ver se nos poden interesar. A biblioteca está informatizada, cada alumno ten o seu número de lector. Nos recreos, todos os alumnos que o desexen poden participar en xogos como o tangrám ou o pentaminós, que son unha especie de quebracabezas moi entretidos. Hai uns cómodos sofás para lectura relaxada.

Outra novidade son os concursos do lector e ilustrador do mes con premios para os gañadores. Tamén hai un lugar na biblioteca para traballar un grupo de alumnos co seu respectivo profesor.


Mesmo temos unha pequena mediateca, é dicir, uns ordenadores, con conexión a internet que poden ser usados para consulta, facer traballos...

En conclusión, temos unha nova biblioteca que está ao noso servizo e que podemos utilizar sempre que queiramos, cun montón de actividades nas que participar e gañar premios. E por último que a biblioteca xa non é un sitio ao que tes que vir obrigado senón que xa tes boas razóns para visitala.



Raquel López e Adrián Cid

IMPOSSIBLE IS NOTHING... FOR CONCHI!



Sudoku

Inventouno en San Petersburgo no século XVII o matemático Leonhard Euler. Este chamábase "cadrado latino", una cuadrícula co número de filas e de columnas que se desexe na que cada unha das súas caixas posúe un elemento distinto.

O actual "Sudoku" foi recuperado por un periódico estadounidense a finais dos anos setenta cun éxito moderado. Non foi ata 1984 cando unha editorial japonesa o incluía nunha coñecida revista de pasatempos onde foi rebautizado co nome de "sudoku", su ("número") e doku ("só") cando comezou a ter un éxito maior. Neste tempo foi cando se incluíron as condicións de limitar a 30 a cantidade de números que se ofrecen coma pista inicial e que a disposición destes números fose "rotacionalmente simétrica", é dicir, se xiramos a cuadrícula 180° os números seguen ocupando os mesmos lugares.

Posteriormente, inventouse un programa informático capaz de xerar Sudokus de forma automática, de tal xeito que, a cantidade de Sudokus distintos que se poden facer é case que inifinita, alá polos sei mil trillóns.

No Sudoku, utilízanse números porque son doados de identificar e lembrar inda que podería utilizarse calquera tipo de signo (letras, imaxes,etc...) xa que este non é un xogo matemático, senón máis ben de lóxica e paciencia.

A única condición para resolver un Sudoku, consiste en completar as cuadrículas vacías sen repetir ningún número nunha mesma fila, columna ou caixa de 3X3.

Unha técnica sinxela para completar un Sudoku, que non presente certa complexidade, é dicir, nun nivel de iniciación, está en observar unha cifra que xa estea escrita dúas veces en dúas caixas; a posición da terceira cifra virá dada en función destas dúas de xeito que se a primeira cifra está na esquina superior esquerda dunha diagonal e se a segunda cifra está no centro da diagonal na seguinte caixa 3X3, a terceira cifra estará na esquina inferior dereita da terceira caixa 3X3; xa que sempre se debe cumprir a condición de que cada cifra apaece tres veces, unha vez e cada fila e columna e unha vez en cada caixa 3X3.

Insultos Enxebres

Quinquillán:persoa de dubidosa reputación e modais que se adica a vagar polo mundo aproveitándose dos demais sen proporcionar nada a cambio.

Peposo: dise daquel que non coida o seu aseo diario e resulta repugnante para os que o rodean, ademais de demostrar unhas facultades intelectuais moi reducidas

Valdreu: persoa despreocupada de calquer asunto que defrauda constantemente a confianza dos demais

Cacholán: Utilízase para designar a todo aquel escao de razoamente e de miolos que realiza as accións sen pensar e con desastrosas consecuencias.

Quiñolán: persoa ridícula, xa sexa polos seus actos ou polos seus comentarios; alguén que sempre queda coma un inferior, sen ser digno de respecto.

Rexoubón: Dise de todo aquel que expresa opinións negativas sobre os actos dos demais coma se el puidera facelo moito mellor inda que non teña coñecementos ó respecto.Criticón.

Taravelo: Persoa que acepta a vontade dos demais sen discusión,Alguén sen decisión, fácilmente manipulable.

Abesoiro: Utilízase este termo para falar dalguén que resulta insoportable pola súa desmesurada afición de pesado en todo momento.

Turpín: Persoa que minte constantemente e que carece de credibilidade,mentireiro, liante,etc...

Panoco: persoa crédula que da como verdadeiras todas as informacións que lle chegan, espallando despois o bolo a todo o mundo.

Golgoira: muller que influencia aos homes á súa vontade por medio dos seus encantos.

Landrú: podería utilizarse a definición anterior trocando "muller" por "home".

Pelexa: muller mala que rompe amizades e relación entrometéndose entre as persoas e metendo mal corpo

Tarambainas: Persoa sen decisión que vai sen rumbo pola vida que case sempre fracasa en todo aquilo no que participa.

Ballouqueiro: Aquel que se mostra agresivo e violento coa máis mínima mostra de hostilidade. Esborregán, fachendoso, persoa que alardea da súa condición dun xeito despectivo.

Tainán: Referido a alguén que non sente aprecio por ningún tipo de traballo, elude a responsabilidade e prefere a inactividade.

Preto: Utilízase esta palabra para falar dalguén que nunca gasta un peso en nada e cada vez que o fai sofre incolablemente.

Merdán: Alguén que non merece confianza nin respecto. Persoa sen principios que fai calquer actividade pensando só en si mesmo.

Berzas: Persoa despistada e desorientada que soe chegar tarde a todas as súas citas e esquecer a maior parte dos seus traballos.

Moinante: Dise de todo aquel incordiante que carece de seriedade e sempre anda de troula, que gasta bromas pesadas.

Garela: apelativo que se utiliza para todas aquelas mulleres que se ofrecen descarada e desvergonzadamente aos homes.

Lambecricas: Aquel que louba aos seus xefes ou superiores para conseguir beneficios, persoa falsa e traizoeira.

Pimpín: Pusilánime e cretino do que todo o mundo se mofa. Persoa curta de entendedeiras, carente de raciocinio.

Furafollas: Persoa moi disposta que sempre se ofrece para algún favor e non para ata conseguilo, molestado a todo o mundo como se o favor fose para el mesmo.

OS NOMES DO INSTI

Non son os nomes que ten o noso instituto, non, trátase dos nomes de xente que estuda no noso centro e que son como un mosaico que nos identifica.

1º ESO A

EDDY ERNESTO EGUES BETANCOURT
YURI ARISTEGUI
INGRID GÓMEZ SCHROTH

1º ESO C

OUQI YING
AZAR EL RHOMRI TEIJEIRO

1º ESO D

DANIEL BERTRAND PILOT COMBARRO

1º ESO E

IONUT STANCIU
LUAN TALLYSON RODRIGUES MARQUES
FABIO GIRALDO HOYOS

2º ESO A

GONZALO ANGUITA MASCHERPA
IRIA AUBOURG FERREIRA
GONZALO PALESSI PEREIRAS

2º ESO B

LAURA SANTANA AMATRIAIN

2º ESO D

LELE YE

2º ESO E

ARTEM BADANIN

3º ESO A

IVÁN SEBASTIÁN MARCHETTA SCHKULNIK

3° ESO D

CLAIRE DAWN JEFFERIES
AARÓN GONZALO DE BERNARDIS
DIEGO ALEXI CASTRO TRIANA

3° ESO E

SAID SOUDANI

4° ESO A

ALEJANDRA CRAIG MARÍN
JUDITH ETHEL FRUHINSFELD GAVILÁN
MARUXA ALEXANDRA JEFFERIES
KAI LIN CHEN

4° ESO C

MINZHE CHEN CHENG
PABLO KIRSTEN TORRADO
JONATAN SCHROTH PARDO

1° BACH A

YEFFER DARÍO VICENTE VIZCAÍNO

1° BACH B

HUA CHENG
CALEB GUSTAVO DE BERNARDIS

2° BACH A

EZEQUIEL CLAUS LÓPEZ
DANIEL BRITOS BETHENCOURT

2° BACH C

OLGA BOICO
ANIL ANTONIO LÓPEZ MAHBUBANI

EXCURSIONS ETC



Monte aloia



Magosto



Nadal



Entroido



Grecia



Lisboa



LEA: O XORNAL DO SOL

DA EDITORIAL DECOUVERTE


O TRABALLO DE 8 PERSOAS FIZO QUE O XORNAL
TEÑA AS SEGUINTESE SECCIÓNSE:


 Os mellores
debuxos


+ A mellores
funxaría

 Os mellores
paratempes


 U.F.O News,
a información
para normal

 A mellores
información

 As mellores
entrevistas



 A mellores
información
espacial

... e moitas outras
 cousas.

 Os mellores
chistes

E no mesmo grupo tamén
encontraras...

THE IMPERIAL



CONCURSO DE PORTADAS PARA O BESBELLO

VIAXE A GRECIA

Din que todo o que empeza debe terminar, e neste caso, o noso camiño ata Grecia iniciado hai un pouco máis de dúas semanas, chegaba ao seu fin en sete días. Unhas cantas horas en avión, outras de espera en aeroportos e uns miles de quilómetros foron o inicio dunha viaxe fantástica. A nosa primeira parada foi como non Atenas, e tan marabillados estábamos con ese nome...que levamos unha gran decepción o ver que se trataba dunha cidade pouco hixiénica, vella, e sinceramente bastante fea. Despois de tan longa viaxe fomos en busca dun pequeno descanso e decidimos coñecer o noso hotel, que nos albergaría durante un par de días. E...ben, realmente levamos outro chasco, pois non era o estilo que esperabamos, pero días despois soubemos agradecer calquera tipo de aloxamento porque rematábamos moi cansados a xornada. Pola noite...fomos cenar a rúa das Praterías...típica de cidades turísticas e chea de cafés, restaurantes, e pequenas tendas de agasallos. Era unha sensación estupenda sentirse rodeada de xente de outras culturas, de fala distinta...

O día seguinte á chegada visitamos a Acrópolis,...é unha marabilla. Está moi céntrica e dende o noso hotel chegamos de seguido a pé. Por fin coñecíamos algo bonito da cidade. As cariátides tan famosas nos nosos libros de historia nos amosaron a cantidade de anos que tiñan, e igual que elas o fixeron os elementos que había no museo, e todos os templos gregos que se podían ver alí. Este mesmo día visitamos o famosísimo teatro de Epidauros, espectacular, e a cidade mais antiga de Europa, Micenas. Parecía todo tan irreal...,tan fantástico que non me creía que puidese estar en todos eses lugares, sitios que tan só puidera ver en libros, enciclopedias, mapas, e na televisión...era realmente fascinante.



Teatro de Epidauros



Micenas

Seguindo a ruta que levabamos da viaxe, a seguinte parada sería Olimpia ,a cidade dos xogos. Contáronnos a historia de cada un das estruturas que

formaban a "Cidade Olímpica" e cal era a súa utilización para os antigos gregos, foi moi interesante e entretido.

Aloxámonos nun hotel diferente porque estabamos a horas de Atenas e non podíamos volver durmir alí.



Cidade Olímpica



Acrópolis (Atenas)

Continuamos o traxecto e despois de varias horas en autobús doutro novo día, chegamos o noso destino, Delfos. Era un pobo exclusivamente turístico cunha xeografía preciosa. A súa costa recortada, escarpada e con acantilados inmensos producían unha sensación de grandeza e paz e que te deixaban embobada. Era un lugar tranquilo, e quizais o que unicamente non me gustou era a soidade que producía estar entre tales dimensións de rocha. A vila tiña unha única rúa repleta de pequenos comercios que te invitaban a entrar para mercar algún recordo. Moitos dos dependentes sabían falar castelán e por suposto entendíámonos de marabilla.

A nosa habitación nun hotel diferente tiña unhas vistas inmejorables, e estabamos na mellor das que había, era a máis nova, e a máis cómoda exceptuando a bañeira ...que era excesivamente baixa e conto como anécdota, que tivemos que ducharnos de xeonllos.

Visitamos o Oráculo de Delfos (como xa se supoñía) e o de Atenea.



Este foi o noso último día en terras lonxe de Atenas, porque os dous últimos días da viaxe regresamos a esta cidade. Visitamos os sitios importantes que aínda nos quedaban por ver, como o Museo, onde gozamos de grandes cousas pertencentes á antiga civilización grega; fomos o Pireo (porto da capital) en metro e vimos os barcos que chegaban a porto e os que marchaban. Non había praia pero algunhas de nós acabamos molladas da cabeza ós pes como se houberamos tomado un baño. O día estaba espléndido e xa nos avisaran dos cambios de clima desa zona Mediterránea, pero brillaba tanto o sol que ignoramos as prevencións; pois ben, caeu unha boa cantidade de auga, chovía como nunca, e varias rúas quedaron atascadas e inundadas, os profes quedaron abraiados con semellante molladura e leváronnos de súpeto o hotel entre risadas e burlas.

Con respecto as comidas, nunca pensei que me daría tempo de probar tantas cousas en tan pouco tempo e que todas estiveran tan ricas. Quédome sobre todo, e aínda hoxe, co sabor das laranxas que tomamos de postre durante varios días. Nunca probara froita tan sabrosa e basta dicir que non me conformei con dous postres...



Conforme pasaban as últimas horas do derradeiro día...sentiamos que todo rematara ata o ano que ven, e o que o principio fora unha decepción converterase nunha viaxe fabulosa á que contribuímos todos en facela amena, con bromas, sorrisos, e ata cun terremoto para darlle ata á viaxe.

As catro da mañá do sábado levantámonos para ir o aeroporto e coller o avión de regreso a Vigo. De novo estivemos un par de horas voando ata chegar a Madrid, onde collimos un metro para visitar a cidade porque aínda non dabamos por rematada a excursión. Comemos nos arredores da Praza Maior y deixáronnos tempo para pasear polas rúas. Estivemos un ratiño divertido no Retiro onde xogamos e disfrutamos dos últimos intreos xuntos, porque nunhas horas estaríamos en Vigo e outra vez volveríamos á rutina, pero cunha gran experiencia entre os brazos e a satisfacción de poder dicir que vivimos para contar a nosa viaxe.

*Marta Couso Jácome, Irene Álvarez
I.E.S Alexandre Bóveda, 3º Eso- A*

Pasatempos e problemas:

A)

O ferreiro da miña aldea é moi espelido. O outro día un señor chegou con varios trozos de cadeas, como se ven na figura, e díxolle que quería unilos todos para facer unha cadea. Axúdalle a unilos de forma que se corten o menor número de elos.



(Son menos de catro cortes)

B)

A avoa de Pedriño acaba de mandar ao seu neto a buscar 6l. de auga para facer unha brebaxe. Pedriño por moito que buscou so atopou dous caldeiros que cheos levan 11l. e 7l. respectivamente. Axúdalle a medir os 6l. que ten que ir buscar á fonte.

C)

O outro día Xoán foi regar a súa finca de millo. Cando chegou á poza, viu que estaba chea, pero que o manancial coa que se enchía estaba sendo empregado por un viticultor para regar as súas videiras. El quixo saber canto tempo tardaría a poza en baleirarse, sabendo que estando pechada a billa para baleirala tarda medio día en encher, e que se se abre para regar cando esta chea, e o manancial está enchendo a poza, tarda 8h en quedar baleira.

D)

Onte Carmen foi comprar 10 caixas de bombóns, con 10 bombóns cada unha. Cada bombón debería pesar 10gr., pero Carmen dase de conta de que nunha caixa hai bombóns de 9gr. Axúdalle a descubrir cal é a caixa realizando só unha pesada.

E)

Hoxe María foi a festa de cumpreanos da súa amiga. Cando chegou déronlle unha papeleta cun número do un ao doce, pois ao final realizaran un sorteo lanzando dous dados. Se puideras elixir, ¿que número preferirías? ¿por que?

Bágoas caen dos teus ollos bordeando o teu mirar, formando ríos no teu mapa, deformando o terreo que interiormente xa se deformara.

A túa tristeza calada e oculta demostrouse nun intento de fuxida fugaz; tentaches escapar de todo aquilo que te invadía a alma e che aplastaba o peito. No intento cediches cun pranto calado e atroz no que a túa alma musitaba "socorro" sen que ninguén te puidese oír.

Afundíaste, caías, afogabas en ti,...encollícheeste tanto que nin ti mesma o crías

Sempre te mostraras serena a todo, apracible, e nunca pensaches encontrarte naquel estado, porén, quedácheeste sentada esperando o fin, inmune a todo e a nada, mentres susurrabas nun intento desesperado de salvación e a túa mente xacía sen dar resposta a nada.

Eras pouco menos un vexetal *que* non merecía seguir sentado, ¿para que?, non obstante, collín a túa man, que era a miña, e sentinte por última vez, biquei a túa meixela e deiche un último adeus e marchei, deixándote alí, soa.

Eva Oliveira

Portada: Daniel Revuelta
Contraportada: Martín Barcia
Debuxantes: Iris Darriba e Minzhe Chen
Antía U. Díaz